



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Grao en Nutrición Humana e Dietética

Curso Académico: 2021-2022

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

1. DATOS DO PROGRAMA	
Denominación do programa	Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	N/A
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	Jesús Antonio Casabiell Pintos
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	x.casabiell@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	2010-2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30 de xuño de 2010
Data renovación acreditación	8 de xullo de 2015

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Cráterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502222_P.Ind_2021-22
			2502222_INF.16_2021-2022
			2502222_INF.CIUG_2021-2022
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2021-2022 (n/d)
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502222_P.Ind_2021-22
			5011_INF.03_2021-2022
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502222_P.Ind_2021-22
			2502222_INF.04_2021-2022
			5011_INF.05_2021-2022_ (n/d)
			2502222_INF.06_2021-2022 (n/d)
			2502222_INF.07_2021-2022
			2502222_INF.08_2021-2022 (n/d)
			2502222_INF.09_2021-2022
			5011_INF.10_2021-2022
			5011_INF.11_2021-2022
			2502222_INF.13_2021_2022
			2502222_INF.14_2021_2022
			5011_INF.21_2021-2022
2502222_INF.22_2021_2022			
2502222_INF.23_2021_2022			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502222_P.Ind_2021-22
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2502222_E15_2021-2022

4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5011_E16_2021-2022
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-17_2021-2022
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-17_2021-2022
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502222_INF.13_2021_2022
			2502222_INF.14_2021_2022
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011_I10_2021_2022
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2502222_INF.15_2021-2022
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502222_P.Ind_2021-22
			2502222_INF.17_2021-2022
			2502222_INF.18_2021-2022
			2502222_INF.19_2021-2022
			2502222_INF.SIIU_2021-2022
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502222_P.Ind_2021-22
			2502222_INF.CIUG_2021-2022
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502222_EIL-SIIU_2021-2022 2502222_EIL-ACSUG_2021-2022
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502222_P.Ind_2021-22 2502222_MedUSC_2021-2022

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Incidencias no curso 2021-22

O curso 2021-22 supuxo unha volta á normalidade previa á situación de pandemia, recuperándose plenamente a docencia presencial e non sendo xa necesario implementar ningunha adaptación na distribución de grupos, horarios, memorias docentes, sistemas de avaliación, etc.

Matrícula



No GNHD ofértanse 60 prazas de nova matrícula desde o curso 2012-13 (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), con ocupacións históricas superiores ao 90% das prazas ofertadas practicamente desde o inicio da oferta do grao. A tendencia mantívose no curso 2021-22, cunha taxa de ocupación do 102%, un valor superior á media dos 5 cursos anteriores (94,9%). En consecuencia, o número total de estudantes matriculados no GNHD está no momento actual estabilizado en torno aos 200 (214 no curso 2021-22).

Este dato é moi significativo cando se compara co contexto do Sistema Universitario Español (SUE), no que o número total de estudantes matriculados en grao (ou 1º e 2º ciclo) no curso 2020-21, aínda que amosa unha lenta recuperación desde o curso 2018-19, segue a ser inferior ao acadado no curso 2011-12 (1,45 millóns fronte a 1,34 millóns, respectivamente, un descenso do 8%) (*Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-22*, MU).

Esta alta demanda, por outra banda, é característica dos estudos da rama de Ciencias da Saúde, cunha taxa de variación positiva dun 13,7% nos últimos 5 anos, segundo datos do MU, entre os cursos 2014-15 e 2019-20, incluso nun contexto de profunda crise demográfica e económica.

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscripción de novo ingreso con máis de 8 solicitudes por cada praza dispoñible (501 fronte a 60) (2502222_INF CIUG_2021-2022.pdf), o que implica que o GNHD, segue cubrindo con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias da Saúde complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

Se se analiza no mesmo documento a evolución da porcentaxe de alumnos que elixen o GNHD como primeira ou segunda opción, podemos comprobar que a cifra mantense bastante estable, cunha media para os últimos cinco cursos (2017-18 a 2021-22) do 71,2%. Esta porcentaxe de alumnos, probablemente máis "vocacionais", tenderían a permanecer no grao, mentres que o resto serían alumnos en principio con baixa motivación e que probablemente cambien de titulación ou abandonen os estudos tras finalizar o primeiro ano. Para o curso 2021-22, aínda que a porcentaxe de alumnos con preferencia ≥ 2 (67,2%) está por debaixo da media quinquenal, a nota de acceso media á titulación (10,49%) é a máis elevada de toda a serie histórica, o que permite aventurar que probablemente se trate dunha cohorte academicamente mellor preparada.



Perfil de ingreso

Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2502222_INF CIUG_2021-2022.pdf), no curso 2021-22 matriculáronse de novo ingreso na cota xeral un total de 58 estudantes (114% das 51 prazas dispoñibles), así como 2 titulados universitarios (200% das prazas dispoñibles) e 1 maior de 25 anos (100% das prazas dispoñibles). Non se ocuparon ningunha das prazas reservadas para alumnos con discapacidade (3), alumnos maiores de 40 ou 45 anos (2) ou deportistas de alto nivel (2). A meirande parte dos alumnos procedían do Bacharelato (39 dos 58 alumnos da cota xeral, 67%). Desde Formación Profesional accederon 19 dos 58 alumnos da cota xeral (33%). A oferta total de prazas para o GNHD fixouse no curso 2012-13 en 60 alumnos (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), e a taxa de ocupación das mesmas foi sempre igual ou superior ao 80% (102% no curso 2021-22), con taxas de variación interanual de -1,7%, -5,2%, -9,1%, +14% e +14% e -6,2% para os cursos 2017-18, 2018-19, 2019-20, 2020-21 e 2021-22, respectivamente, contabilizándose 501 solicitudes para 61 matriculados neste último curso. Por sexos, a tendencia desde a implantación da titulación é similar, aínda que con importantes variacións interanuais, á distribución media a nivel nacional para as titulacións da rama de Ciencias da Saúde (71,4% de mulleres no curso 2020-21, segundo o documento "Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-22", publicado polo MU), con porcentaxes de alumnas de novo ingreso no GNHD do 67% (2017-18), 72% (2018-19), 64% (2019-20), 74% (2020-21) e 74% (2021-22) (2502222_INF CIUG_2021-2022).

Por orixe xeográfica (2502222_INF16_2021-2022.pdf), os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (80,4%), especialmente das provincias da Coruña (28,9%), Pontevedra (23,3%) e Lugo (22,4%), en claro contraste cos alumnos procedentes da provincia de Ourense, que un ano máis representan só un 5,6% da matrícula, probablemente debido á competencia directa que supón o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos impartido no Campus de Ourense. Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. (2502222_P.Ind_2021-22, IN09G) segue incrementándose un ano máis, representando no curso 2021-22 un 17,76% do total de matriculados no grao, fronte a tan só un 5,6% para o curso 2010-2011. O alumnado estranxeiro, pola súa parte (2502222_P.Ind_2021-22, IN08G), representa un 4,67% do total. Se consideramos só os alumnos de primeiro curso (2502222_INF CIUG_2021-2022.pdf), no curso 2021-22 a matrícula na cota xeral procede nun 77,6% de Galicia, nun 15,1% doutras CC.AA. e nun 6,9% doutros países.

No mesmo documento, a Comisión Interuniversitaria de Galicia aporta o dato de que no curso 2021-22 o 67,2% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (57,4% e 9,8%, respectivamente). De acordo coa mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (58 alumnos) foi de 10,492 [(10,625 x 0,67) + (10,221 x 0,33)], cun 100% dos alumnos con nota superior a 6 (2502222_P.Ind_2021-22, IN07G) (de feito, a nota de acceso foi superior a 9 no 100% dos alumnos matriculados).

Perfil de egreso

O documento 2502222_EIL_ACSUG_2020-2021.pdf recompra datos oficiais de inserción laboral para a cohorte de alumnos 2013-14 do GNHD, que se sintetizan na táboa seguinte:

	Cohorte titulados Sistema Universitario de Galicia 2013-14			
	GNHD	CC Saúde USC	CC Saúde SUG	SUG
Titulación como 1ª opción (%)	70,00	79,18	74,89	75,02
Traballa actualmente (%)	100,00	89,40	90,56	79,59
Traballo relacionado coa titulación (%)	85,71	90,89	92,17	72,29
Meses que tardou en atopalo	7,75	8,55	7,79	10,42
Contratado conta propia (%)	40,00	6,70	8,36	9,69
Contrato indefinido (%)	16,67	36,47	38,47	41,38
Contrato eventual (%)	33,33	50,39	51,64	44,00
Contrato en prácticas (%)	16,67	9,14	6,81	10,12
Bolsa (%)	33,33	4,00	2,97	4,17
Outros (%)	0,00	0,00	0,29	0,07
Salario neto mensual (€)	1200,00	1481,00	1411,00	1231,00
Desarrolla funcións de nivel universitario (%)	100,00	92,42	92,44	79,38
Volvería a cursar estudos universitarios (%)	100,00	95,84	95,58	92,43
Volvería a cursar a súa titulación (%)	90,00	89,78	88,85	80,76
Volvería a cursar a súa titulación na mesma Univ. (%)	100,00	89,54	87,67	88,49

De acordo con estes datos, o 100% da cohorte estaría traballando no momento de realización da enquisa (10 de xullo a 3 de agosto de 2017), o 100% desenvolvería funcións de nivel universitario, o 100% volvería a cursar estudos universitarios, o 90% volvería a cursar a súa titulación, e todos eles o farían de novo na mesma universidade.

O documento 2502222_EIL-SIU_2021-2022 recolle nunha táboa excel algúns datos para a cohorte de alumnos 2015-16. Aínda que menos completo que o documento anterior, permite apreciar a evolución temporal da taxa de afiliación á SS desa cohorte entre 1 e 4 anos despois da graduación (47,0, 58,8, 75,3 e 82,3% de afiliación), cunha porcentaxe de autónomos do 35,7% no cuarto ano.

■ Criterio 2. Información e transparencia

Tal e como recolle o Plan de Calidade da Facultade de Ciencias, a política de información pública e transparencia do centro ten como obxectivo facilitar toda a información referente aos títulos que se imparten na mesma a través da páxina web da Facultade de Ciencias:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

No referente ao Grao en Nutrición Humana e Dietética, toda a información relevante está publicamente accesible e actualízase de xeito continuo no enlace :

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-nutricion-humana-dietetica>

A información está estruturada en 11 niveis: (i) Presentación, (ii) Plan de estudos por curso, (iii) Plan de estudos por módulos, (iv) Oferta e admisión; (v) Recursos materiais; (vi) Obxectivos e competencias; (vii) Mobilidade e Prácticas; (viii) Saídas profesionais; (ix) Traballo de Fin de Grao; (x) Equipo docente e (xi) Indicadores de calidade. Na páxina raíz figuran tamén ligazóns á Listaxe de profesores, á Memoria do título, ás Guías docentes, e aos Horarios e calendarios, entre outras.

Estudos / Graos / Ciencias da Saúde

Grao en Nutrición Humana e Dietética

Tipo Presencial
Área Ciencias da Saúde
Centro(s) **Facultade de Ciencias**
 Avda. Alfonso X
 O Sabio, s/n,
 27002
 Lugo
 982824095
 (Conserxaría)
 982824009
 (Decanato)
 ciencias.decanat
 o@usc.gal

Campus Lugo



- [Admisión e matrícula](#)
- [Normativa](#)
- [Bolsas e axudas](#)

A titulación ten como obxectivo xeral a formación dun profesional da saúde, recoñecido como un experto en alimentación, nutrición e dietética, con capacidade para intervir na alimentación dunha persoa ou grupo, desde a nutrición na saúde e na enfermidade, o consello dietético, a investigación e a docencia, e a saúde pública.

Presentación	<p>Duración: 4 Prezo/curso (aprox.): UE: 13,93€/crédito (1º curso: 835,80 €) Non UE: 17,41€/crédito (1º curso: 1089,20 €) Número prazas: 60 Nota de corte no curso precedente: 9,450</p> <p>Responsable do título: ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ asteriam.luzardo@usc.es</p> <p>Coordinador-a do título: Jesús Antonio Casabiell Pintos x.casabiell@usc.es</p> <p>Linguas de uso: Castelán, Galego</p> <p> Memoria do título</p>	<p>Universidade coordinadora: Universidade de Santiago de Compostela</p> <p>Universidade(s) participante(s): Universidade de Santiago de Compostela</p> <p>Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10)</p> <p>Data de publicación no BOE: 3 de marzo de 2011</p> <p>Data da última acreditación: 08/07/2015</p>
Plan de estudos por curso		
Plan de estudos por módulos		
Oferta e admisión		
Recursos materiais		
Obxectivos e competencias		
Mobilidade e prácticas		
Saídas profesionais		
Traballo de Fin de Grao		
Equipo docente		
Indicadores de calidade	<p>A titulación persegue como obxectivo xeral a formación de “un profesional da saúde”, con titulación universitaria, recoñecido como un experto en alimentación, nutrición e dietética, con capacidade para intervir na alimentación dunha persoa ou grupo, desde os seguintes ámbitos de actuación: a nutrición na saúde e na enfermidade, o consello dietético, a investigación e a docencia, a saúde pública desde os organismos gobernamentais, as empresas do sector da alimentación, a restauración colectiva e social.</p>	

Os contidos desta páxina actualizáronse o 13.04.2022.

Páxina web do GNHD

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias "alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos)".

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace, no que se pode acceder tamén á 6ª edición do Manual do Sistema de Garantía de Calidade:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas estratéxicas a desenvolver nos primeiros dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado polas Comisión de Calidade. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOqPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

Derivado do informe de resultados 2019-20 a Comisión do GNHD non propuxo para o curso 2020-21 ningunha acción de mellora, a maiores das que xa estaban contempladas no Plan de Mellora Anual 2020-2022 derivadas do Plan Estratéxico Ponte.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

A tipoloxía do profesorado do GNHD, os seus departamentos e áreas de adscrición, e a súa experiencia docente-investigadora resúmense nas dúas táboas que seguen:

TIPOLOXÍADO PROFESORADO DO TÍTULO		
Título: Grao en Nutrición Humana e Dietética		
Categoría	Número	Porcentaxe Número
Predoutoral Xunta	1	2.22%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	2	4.44%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	11	24.44%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	5	11.11%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	4	8.89%
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	1	2.22%
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	1	2.22%
Profesor/a: Titular de Universidade	20	44.44%
Total general	45	100.0%

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA				
Título: Grao en Nutrición Humana e Dietética		Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502222
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
Bioquímica e Bioloxía Molecular	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular	2	11	6
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría	[807] Toxicoloxía	2	6	4
Economía Aplicada	[235] Economía, Socioloxía e Política Agraria	2	9	0
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	2	5	1
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2	9	8
Filosofía e Antropoloxía	[030] Antropoloxía Social	1	2	0
Fisioloxía	[410] Fisioloxía	4	16	6
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	3	16	9
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	1	6	5
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	2	0	0
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[640] Nutrición e Bromatoloxía	9	29	24
	[750] Química Analítica	5	28	17
	[780] Tecnoloxía de Alimentos	4	18	15
Química Física	[755] Química Física	3	17	15
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	2	9	6
Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física	[819] Zooloxía	1	6	0
Total general		45	187	116

A meirande parte do profesorado ten vinculación permanente coa universidade (72,7%), e mostra unha dilatada experiencia como docente (quinquenios) e como investigador (86,11% do PDI con sexenios, 90,91% de PDI doutores) (2502222_P.Ind_2021-22.pdf: ING26G, IN24G, IN25G).

Por outra banda, a porcentaxe de profesorado do GNHD que participou en actividades de formación no curso 2021-2022 (5011_I6-I7_2021-2022.pdf) foi relativamente baixa (14,55%), aínda que esta cifra é consecuencia da elevadísima participación nos cursos 2019-20 e 2020-21 (44,6 e 30,3%, respectivamente), nos que a necesidade de adaptar con urxencia a actividade docente ás consecuencias da pandemia CoVid19 motivou unha forte demanda de cursos de formación continua, especialmente sobre o emprego de ferramentas informáticas e de docencia on-line.

Por todo isto, o perfil do profesorado considérase adecuado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

PAS

O centro responsable dispón actualmente do cadro de Persoal de Administración e Servizos que se relaciona na táboa que segue (5011_E16_2021-2022.pdf):

E-16 Información sobre o persoal de apoio. Facultade de Ciencias. Curso 2021-2022				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	15 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	18 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	RESPONSABLE PTO. ATENCION INFORME SERVICIOS	14 ano(s), 1 mes(es) e 26 día(s)
4	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAI/AUX TEC. SERVICIOS	5 ano(s), 5 mes(es) e 1 día(s)
5	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAI/AUX TEC. SERVICIOS	6 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAI/AUX TEC. SERVICIOS	8 ano(s), 8 mes(es) e 10 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	21 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	0 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	14 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas. Proba disto é o elevado grao de participación en plans de formación durante o curso 2020-21 (66,67%), cun grao de satisfacción global de 8,28/10 (obxectivos do curso) e de 8,29/10 (percepción da aprendizaxe) para as actividades formativas recibidas durante o curso 2021-22, e un grao de satisfacción global co traballo realizado de 4,07/5 (5011_INF.11_2021_2022.pdf; 5011_INF.21_2021_2022.pdf).

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PAS que realizou algún curso					
	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
	66,70%	78,00%	77,78%	57,14%	77,78%	66,67%

De igual forma que no caso do PDI, tanto a dotación de PAS como a súa cualificación e experiencia profesional considéranse adecuadas para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, dispón de instalacións, recursos materias e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Na actualidade dispónse de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas ubicados no edificio de laboratorios colindante. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi.

Actualmente o centro dispón de 16 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor. Dispón tamén de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen pizarra dixital.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións ubicadas no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de preto de 0.50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías, 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). Ademais existe dispoñibilidade de outras máis de 500 publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

Débase subliñar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con promedios superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación.

Durante o curso 2021-22 continuouse coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes no marco do Convenio de financiamento da Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG (incorporouse á dotación docente entre outro equipamento un espectrofluorímetro e unha balanza analítica con kit de densidades).

No primeiro semestre do curso 2020-21, no que a maior parte da docencia tivo que levarse a cabo de forma telemática por imperativo de saúde pública, as infraestruturas informáticas e os servizos relacionados con elas tiveron unha importancia capital á hora de proporcionar rapidamente ferramentas axeitadas para este fin. O feito de dispor na USC das packages Microsoft, integrando entre eles a videoconferencia TEAMS, supuxo que a posibilidade de implementar docencia on-line de forma rápida e eficiente fose perfectamente posible. Por iso durante o curso 2020-21 a Facultade de Ciencias levou a cabo accións para instalar novo equipamento para á docencia on-line e ao mesmo tempo incrementar a formación do profesorado neste eido. Neste senso implementáronse melloras nas aulas, tales como a instalación de cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo a aqueles alumnos que, por mor de sufrir contaxio con COVID-19, tiveran que respectar períodos de confinamento, facilitando a asistencia on-line deste alumnado para subsanar as posibles carencias na docencia expositiva e interactiva. Todo este traballo realizado no curso 2020-21 serviu para que a docencia no curso 2021-22 contase cun mellor equipamento.

Durante o curso 2021-22 a Facultade de Ciencias levou a cabo unha acción de mellora (AMF2122-8) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución (melloras nas aulas de informática, fabricación dunha campá de extracción de gases, reparacións de equipos, etc).

Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

A evolución das taxas de rendemento, de éxito e de avaliación (2502222_P.Ind_2021-22: IN34G, IN35G, IN36G) do grao de Nutrición Humana e Dietética durante os últimos 5 cursos móstrase na táboa seguinte. Como marco de referencia inclúese a media para o conxunto da USC (2502222_MedUSC_2021-2022.pdf) e a última media dispoñible (2019-20) para o sistema universitario español (SUE), tanto de forma global como para a área de ciencias da saúde (*Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-2022*, MU). Se analizamos a súa evolución, estes tres indicadores seguiron tendo valores no curso 2021-22 semellantes aos dos últimos 5 anos, e semellantes tamén ás medias dos últimos datos dispoñibles para o SUE (global e área de ciencias da saúde) e para o global da USC.



	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	Media 5a
IN34G Taxa de rendemento	80,54	79,68	91,32	80,95	82,14	82,93
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	84,74	84,90	90,60	-		86,75
MEDIA GLOBAL (SUE)	77,80	78,00	84,60	-		80,13
MEDIA GLOBAL (USC)	78,48	79,49	88,71	80,97	79,09	81,35
IN35G Taxa de éxito	85,23	84,40	93,57	85,29	85,94	86,89
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	90,30	90,34	94,90	-		91,85
MEDIA GLOBAL (SUE)	88,00	88,10	91,90	-		89,33
MEDIA GLOBAL (USC)	87,21	87,78	94,17	87,92	87,21	88,86
IN36G Taxa de avaliación	94,50	94,41	97,60	94,92	95,58	95,40
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	93,84	93,99	97,22	-		95,02
MEDIA GLOBAL (SUE)	88,50	88,50	-	-		88,50
MEDIA GLOBAL (USC)	89,99	90,55	94,21	92,09	90,68	91,50

■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

A evolución dos principais indicadores de satisfacción e rendemento durante os últimos 5 cursos móstrase nas táboas seguintes. Como no apartado anterior inclúense os indicadores globais para a USC (2502222_MedUSC_2021-2022.pdf) e, cando están dispoñibles, para o SUE (globais e área de ciencias da saúde, *Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-2022*, MU). En termos xerais, tanto a taxa de graduación como a duración media dos estudos están en valores semellantes aos datos históricos da USC e o SUE. Cómpre salientar que a taxa de graduación foi no curso 2020-21 a segunda máis elevada desde o inicio do GNHD (64,4%, fronte a un 50,2% para o SEU e un 69,7% para a media da área de ciencias da saúde). A duración media dos estudos (IN38G) foi, un ano máis, sensiblemente máis favorable que o valor medio para a USC e para a media da área de ciencias da saúde (aínda que é difícil valorar este dato ao coexistir no SUE titulacións de ciencias da saúde con duracións de 4, 5 e 6 anos). Con respecto ao indicador IN39G, Eficiencia dos Titulados, non dispoñemos de datos xa que non se actualiza desde o curso 2014-15.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	Media 5a
IN37G Taxa de graduación	45,28	56,60	48,72	75,00	64,44	58,01
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	72,95	73,12	68,90	69,70		71,17
MEDIA GLOBAL (SUE)	-	48,90	48,60	50,20		49,23
MEDIA GLOBAL (USC)	57,97	58,23	58,53	62,06	63,21	60,00
IN38G Duración media dos estudos	4,31	4,68	4,60	4,50	4,58	4,53
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	5,36	5,41	5,40	5,80		5,49
MEDIA GLOBAL (SUE)	-	4,80	4,80	4,90		4,83
MEDIA GLOBAL (USC)	4,98	5,06	5,06	5,07	4,95	5,02
IN39G Eficiencia dos titulados	-	-	-	-		-
IN40G Taxa de abandono durante o 1º curso (Grao)	35,90	15,00	20,00	30,30	21,62	24,56
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	13,50	12,06	17,40	17,70		15,17
MEDIA GLOBAL (SUE)	-	21,50	21,70	21,80		21,67
MEDIA GLOBAL (USC)	16,02	15,88	16,64	15,96	13,49	15,60
IN41G Taxa de abandono RD1393	32,08	24,53	35,90	15,00	20,00	25,50
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	15,93	14,77	17,31	-		16,00
MEDIA GLOBAL (SUE)	-	-	-	-		-
MEDIA GLOBAL (USC)	22,70	22,10	23,01	21,63	21,70	22,23
IN50G Taxa de éxito dos egresados (%)	94,37	85,17	87,53	88,79	92,71	89,71
IN51G Taxa de idoneidade na graduación (%)	39,62	39,62	35,90	57,50	36,36	41,80
IN53G Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)	94,37	85,17	87,53	88,08	91,70	89,37

A evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) é bastante irregular, con porcentaxes que oscilan entre o 15% (2018-19) e o 35,9% (2017-18). No curso 2021-22 a taxa foi do 21,6%. Pola contra, a taxa de abandono calculada segundo o RD 1393/2007, que mide a porcentaxe de alumnos que abandonan despois do segundo curso, foi dun 20,0%.




Non é posible poñer estas cifras nun contexto adecuado sen ter en conta que esta taxa de abandono ten dúas compoñentes: alumnos que abandonan definitivamente os estudos, e alumnos que cambian de titulación. A nivel nacional dispoñemos de indicadores para estas dúas variables: a taxa de abandono no primeiro ano, e a taxa de cambio de estudo no primeiro ano. De acordo cos datos publicados polo MU no seu documento *Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-2022*, nas titulacións da área de Ciencias da Saúde a taxa de abandono no primeiro ano é dun 16,6% para a cohorte 2017-18 (a última para a que se facilitan datos), que se acompaña dunha taxa de cambio de estudo no primeiro ano do 7,0%. Así, polo menos un 23,6% dos alumnos que en España inician estudos en titulacións da rama de Ciencias da Saúde non continúan ou cambian de titulación. Polo tanto, e a falta dun indicador específico para a USC sobre cambio de estudo no primeiro ano, entendemos que en boa parte a taxa de abandono do GNHD está en consonancia co que ocorre a nivel nacional noutras titulacións da rama de Ciencias da Saúde.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade (2502222_P.Ind_2021-22: IN48G, IN46G), a taxa de resposta a esta enquisa foi do 21,5%, sensiblemente inferior á de cursos anteriores. O modelo de enquisa foi modificado no curso 2019-20 para reflectir máis adecuadamente a nova realidade imposta pola situación sanitaria. Sete dos ítems non sufriron variacións significativas e puideron incorporarse á serie histórica. Para os catro restantes só se presentan datos a partir da súa implantación (cursos 2019-20 e 2020-21). Nos incorporados á serie histórica non se detectaron diferencias significativas respecto aos valores de cursos anteriores ou respecto á media quinquenal.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	Media 5a
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente.	4,14	4,17	4,02	-	4,20	4,13
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto.	4,19	4,30	4,13	-	4,29	4,23
Indica de antemán os criterios de corrección	-	3,93	3,70	-	4,08	3,90
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia.	3,70	3,77	3,69	3,77	3,98	3,78
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia.	3,70	3,57	3,61	-	3,93	3,70
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma.	3,56	3,31	3,35	-	3,74	3,49
Os contidos desenvólense de acordo co cronograma da materia	-	4,18	3,94	-	4,21	4,11
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes.	3,86	3,94	3,79	-	4,17	3,94
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación.	3,68	3,75	3,48	-	3,85	3,69
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade.	3,76	3,82	3,66	-	4,07	3,83
O docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa	-	3,50	3,62	-	3,85	3,66
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións.	3,44	-	-	-	-	3,44
De xeito global, a comunicación co docente foi axeitada			3,47	3,92	-	3,70
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia.	3,69	-	-	-	-	3,69
Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia.	3,67	3,55	3,60	3,77	3,95	3,71
Os contidos desenvóléronse de acordo co cronograma da materia previsto antes da crise do Covid-19			3,75	4,01	-	3,88
O docente motivou a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase.	3,56	3,58	3,59	3,75	3,78	3,65
O docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, a. virtual, correo-e...)	4,02	4,08	3,99	4,07	4,30	4,09
O docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, correo-e...)			3,23	3,62	-	3,43
Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia			3,36	3,69	-	3,53
A carga de traballo (tarefas, lecturas...) foi adecuada aos contidos e créditos da materia			3,48	3,93	-	3,71
De xeito global, a comunicación co docente foi axeitada			3,47	3,92	-	3,70
O docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia	-	3,64	3,50	3,72	3,85	3,68
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia.	3,78	3,71	3,65	3,81	3,91	3,77
Valor medio (GNHD)	3,77	3,80	3,71	3,82	4,01	3,82
Porcentaxe de participación (GNHD)	41,47	35,81	18,23	33,81	21,50	30,16
Valor medio na universidade (estudos de grao)	-	-	-	-	-	
Porcentaxe de participación (Universidade)	-	-	-	-	-	


Tal e como revelan os datos anteriores, a valoración por parte dos estudantes da docencia recibida mostra unha tendencia estabilizada en valores elevados, tanto no referente ó valor medio global como a cada un dos ítems avaliados.



Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

A taxa de participación nesta enquisa foi do 71,1%, a máis alta de toda a serie histórica (media, 52,5%). A valoración media no curso 2021-22 (4,33) é practicamente idéntica ao valor máximo da serie histórica (4,37 no curso 2018-19, último curso antes da pandemia).

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	Media 5a
As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	3,31	3,61	3,86	3,70	3,74	3,64
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	4,16	3,87	3,97	3,88	4,09	3,99
Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	3,61	3,76	3,97	3,90	3,79	3,81
Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente	-	-	4,14	4,18	3,81	4,04
O nivel co que chega o alumnado é suficiente para afrontarse aos contidos da materia	3,22	3,95	3,59	3,58	-	3,59
O material e servizos de apoio á docencia existentes na USC son axeitados para a materia	4,37	4,29	3,58	4,03	4,45	4,14
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	3,86	3,92	4,11	3,73	3,69	3,86
Estou interesado/a en recibir formación para a mellora da docencia (novas tecnoloxías)	46,0%	46,0%	4,70	4,25	4,50	2,87
Organizo e estrutura ben as miñas clases	-	4,84	4,76	4,55	4,71	4,72
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia	-	4,95	4,89	4,74	4,96	4,89
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías	-	4,95	4,97	4,74	4,96	4,91
Manteño un trato correcto cos estudantes	-	4,92	5,00	4,70	4,91	4,88
Estou satisfeito coa titorización do TFG/TFM	-	4,70	4,73	4,54	4,17	4,54
En xeral, estou satisfeito coa miña labor docente	-	4,78	4,76	4,50	4,47	4,63
As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	3,63	-	-	-	-	-
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías	4,02	-	-	-	-	-
A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva	4,45	-	-	-	-	-
No centro, conto cos recursos necesarios para a docencia	4,34	-	-	-	-	-
Estou interesado/a en recibir formación para a mellora da docencia (apoio didáctico e pedagóxico)	47,0%	-	-	-	-	-
Mantiven unha comunicación axeitada co estudiantado (correo-e, Campus Virtual, TEAMS, etc...)	-	-	4,40	4,78	-	4,59
Estou satisfeito coas ferramentas, instrumentos e canais postos á miña disposición para doc - aval	-	-	3,35	3,77	-	3,56
Valora a túa experiencia previa no uso de tecnoloxías para a doc - aval en remoto	-	-	3,63	3,60	-	3,62
Estou satisfeito co desenvolvemento da docencia non presencial derivada da crise sanitaria	-	-	3,31	3,58	-	3,45
Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial derivada da crise sanitaria	-	-	3,06	3,55	-	3,31
Valoración media (GNHD)	3,90	4,37	4,15	4,11	4,33	4,17
Porcentaxe de participación (GNHD)	61,7	41,7	38,9	48,9	71,1	52,5
Valoración media (Universidade)	-	-	-	-	-	-
Porcentaxe de participación (Universidade)	-	-	-	-	-	-



Os indicadores de satisfacción dos egresados coa docencia recibida (IN42G) e de satisfacción dos profesores coa docencia impartida (IN47G) non sufriron desviacións de importancia respecto da serie histórica ou da media quinquenal. Pola contra, o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) acadou no curso 2021-22 o seu valor máximo desde a implantación do GNHD.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	Media 5a
IN42G Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2,74	3,68	-	3,39	3,32	3,28
IN46G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,77	3,80	3,56	3,82	4,01	3,79
IN47G Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,88	4,36	4,16	4,11	4,33	4,17

Os datos da taxa de éxito desagregados por materias correspondentes aos 5 últimos cursos (2017-18 a 2021-22) recóllense na táboa seguinte.

Os valores son elevados en case todas as materias. Os valores máis baixos adoitan coincidir con materias que


requiren coñecementos básicos procedentes do ensino secundario e/ou materias que inicialmente os alumnos non perciben como directamente relacionadas coas súas necesidades de coñecemento do campo da dietética e a nutrición, o cal fai algo máis complexa a dirección da aprendizaxe por parte dos docentes.

TAXA DE ÉXITO DESAGREGADA POR MATERIAS	2017-18	2018-19	2019-20	2021-21	2021-22	Media 5a
1º curso						
Física para ciencias da vida	59,15	52,05	64,10	44,87	76,09	59,25
Química I	92,98	95,74	92,59	95,31	86,44	92,61
Bioloxía humana	96,30	85,11	100,00	91,94	87,93	92,26
Fundamentos antropolóxicos da alimentación	94,44	97,62	97,96	98,04	92,98	96,21
Bioestadística	87,93	83,67	92,86	77,97	78,46	84,18
Química II	77,42	86,27	98,33	76,27	81,54	83,97
Anatomía e histoloxía humana	100,00	95,74	96,23	93,33	94,44	95,95
Bioquímica	98,00	93,48	100,00	96,77	90,57	95,76
Fisioloxía humana II	66,23	58,73	97,37	64,15	75,00	72,30
Fisioloxía humana I	59,68	52,94	92,21	59,09	71,62	67,11
Media	83,21	80,14	93,17	79,77	83,51	83,96
2º curso						
Bromatoloxía I	84,91	77,78	78,26	89,09	88,68	83,74
Tecnoloxía do procesado de alimentos	88,24	82,98	100,00	73,47	77,78	84,49
Microbioloxía e parasitoloxía	100,00	100,00	100,00	97,87	97,96	99,49
Toxicoloxía	84,48	82,69	97,44	92,45	90,38	89,49
Economía e xestión da empresa alimentaria	59,46	73,91	72,34	72,13	57,89	67,15
Bromatoloxía II	78,57	75,00	88,24	80,43	81,82	80,81
Tecnoloxía culinaria e alimentaria	95,56	95,83	92,11	93,62	98,18	95,06
Nutrición humana	86,27	63,64	88,89	61,54	77,36	75,54
Interacción fármaco-alimento	72,34	100,00	100,00	47,50	92,86	82,54
Endocrinoloxía	100,00	100,00	100,00	92,68	82,69	95,07
Media	84,98	85,18	91,73	78,10	84,56	84,91
3º curso						
Hixiene, lexislación e seguridade alimentaria I	57,78	58,18	86,36	80,56	87,18	74,01
Deontoloxía e lexislación	79,49	81,25	100,00	92,31	89,74	88,56
Dietética	97,44	90,63	100,00	100,00	96,55	96,92
Valoración do estado nutricional	87,80	84,62	91,30	74,47	77,08	83,05
Saúde pública	74,00	87,93	88,89	86,36	84,44	84,32
Fisiopatoloxía	96,43	97,37	100,00	100,00	100,00	98,76
Hixiene, lexislación e seguridade alimentaria II	79,55	89,13	100,00	90,70	91,67	90,21
Nutrición no ciclo vital e actividade física	95,92	79,07	93,75	87,50	86,05	88,46
Dietoterapia e soporte nutricional I	79,07	84,00	96,15	78,57	74,47	82,45
Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional	76,74	86,27	89,58	74,51	68,89	79,20
Microbioloxía e inmunoloxía	97,62	97,22	100,00	100,00	100,00	98,97
Garantía de calidade	100,00	85,71	96,08	97,50	82,50	92,36
Media	85,15	85,12	95,18	88,54	86,55	88,11
4º curso						
Dietoterapia e soporte nutricional II	85,37	87,50	86,36	89,29	85,11	86,73
Soporte nutricional avanzado	85,00	85,00	91,49	90,91	84,78	86,57
Restauración colectiva	97,06	88,57	97,78	100,00	100,00	96,68
Análise instrumental	100,00	-	-	100,00	100,00	100,00
Ciencia e tecnoloxía da carne e do peixe	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Ciencia e tecnoloxía do leite e produtos lácteos	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Ciencia e tecnoloxía de produtos vexetais	100,00	100,00	100,00	85,71	88,89	94,92
Fisicoquímica de alimentos e de procesos biolóxicos	-	-	100,00	100,00	-	100,00
Control de calidade no laboratorio	-	66,67	100,00	100,00	100,00	91,67
Química e gastronomía	100,00	100,00	100,00	100,00	-	100,00
Aditivos inorgánicos e micronutrientes	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Practicum	100,00	97,22	100,00	100,00	100,00	99,44
Traballo fin de grao	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Media	97,04	93,18	97,97	97,92	96,25	96,47

No momento de redactar este informe non temos aínda os datos correspondentes á satisfacción dos alumnos e dos titores académicos coas prácticas externas no curso 2021-22, polo que non é posible valorar estes ítems, aínda que si temos datos relativos á satisfacción dos titores externos (4,46), que se manteñen na liña de cursos anteriores. No tocante á satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, as enquisas recollen unha puntuación media de 5,0, sensiblemente superior á media quinquenal (4,30).

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	Media 5a
IN19G Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,02	4,06	-	3,81	-	3,96
IN20G Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,45	4,08	-	-	4,86	4,46
IN21G Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,38	4,13	-	4,53	-	4,35
IN15G Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	-	3,40	-	4,51	5,00	4,30

Con respecto á Enquisa de Satisfacción de Egresados/as (IN42G) os resultados manteñen a liña de anos anteriores e da media quinquenal (3,22). Non se inclúen na serie os datos correspondentes ao curso 2019-20, xa que non acadaron validez estatística ao ser cuberta unha única enquisa.



4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	
	Definición	Análise causa	
		Definición/descrición proposta	
		Data prevista de finalización	
		Data inicio	
	Responsables	Usuario responsable da implantación	
		Outros responsables da implantación	
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación